

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A DEPUTACIÓN DE OURENSE EN RELACIÓN Á DIFUSIÓN DO PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL E CULTURA TERMAL

Ourense, 10 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 do 21 de febreiro e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Doutra parte, D. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación Provincial de Ourense, e en representación desta, quen actúa no exercicio do seu cargo e en virtude do nomeamento por acto de plenario, de data 14 de xullo de 2015, de acordo coas competencias recoñecidas no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

As partes intervinientes recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade legal suficiente para asinar o presente convenio de colaboración, e por elo.

EXPOÑEN

Que, as entidades asinantes veñen mantendo conversas sobre as posibilidades e beneficios do programa que está a desenvolver a Deputación de Ourense no marco do Plan “Ourense, provincia termal”. O citado programa de termalismo social e cultural termal constitúe un programa de saúde, benestar e envellecemento activo, baseado no termalismo e nos beneficios terapéuticos aportados polas cualidades das augas e/ou técnicas termais. Ámbalas dúas partes deciden formalizar a súa colaboración coa finalidade de dar a coñecer ós profesionais médicos e sanitarios y/o pacientes da provincia as características de dito programa e poder colaborar de forma activa para mellorar as súas posibilidades terapéuticas e de beneficio, que podan aportar.

Os balnearios, tradicionalmente asociados a solucións terapéuticas dirixidas ao colectivo de persoas maiores, adquiriron, na última década, un renovado concepto, relacionado coa coidado, coa saúde e o benestar e con un público máis heteroxéneo que busca fórmulas de recuperación do seu estado físico e psíquico.

As instalacións balnearias, en liña con este concepto, renovan as súas instalacións, especializan os seus profesionais, establecen sinerxías para dimensionar ó sector, adáptanse ó estilo de vida actual e se posicionan como centros para restablecer a saúde pero tamén o estado anímico, atraendo un público diverso.

A administración provincial é especialmente sensible a potencialidade do sector termal e da estreita relación existente entre ocio saudable e calidade de vida e da estratéxica importancia das infraestruturas termais provinciais e das características diferenciadoras da auga mineiro-

medicinal que nela se utilizan.

E todo elo sen descoñecer que as instalacións balnearias son centro terapéuticos, cumpren normas e requisitos hixiénico-sanitarios regulados e son receptores de usuarios que presentan requirimentos en termos de recuperación física e de calidade de vida.

Todas as partes asinantes son conscientes que falta unha verdadeira penetración na cidadanía das potencialidades curativas das augas mineiro medicinais que son poseedoras de propiedades testadas en termos de saúde tanto de carácter curativo, como preventivo, de posta en forma e de benestar físico e psíquico.

Por todo elo, regúlanse os termos de esta colaboración que estará suxeita as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do convenio.

O presente convenio ten como obxecto regular a colaboración entre as partes asinantes en relación ó Programa desenvolvido pola Deputación Provincial de Ourense no marco do Plan “Ourense, Provincia Termal”, en adiante: “ O Programa” (xuntase como anexo ao convenio, as bases reguladoras que rexen o Programa de Termalismo Social, da Deputación de Ourense)

Segunda.- Compromisos da Deputación de Ourense

En virtude do establecido no presente convenio, a Deputación de Ourense asume as seguintes obrigacións:

-Poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras a información detallada do contido do Programa de Termalismo Social e cultura termal da Deputación de Ourense.

-Buscar formas de colaboración en torno a difusión e coñecemento dos beneficios e posibilidades terapéuticos Termalismo e a Balneoterapia, tanto entre os profesionais sanitarios como entre os usuarios finais.

-Participar naqueles grupos de traballo nos que, a criterio do Servizo Galego de Saúde, a través da (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) sexa de interese a participación da Deputación, para avanzar en torno o Termalismo e a Balneoterapia e no que se aposte pola posta en valor das propiedades terapéuticas das augas da provincia de Ourense.

-Poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde a través da (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) a infraestrutura necesaria para realizar xornadas/cursos de difusión no eido do termalismo e a balneoterapia, se así fose solicitado. Informar, se así se solicita, de forma concreta e extensa á persoa ou persoas designadas pola Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras sobre o contido e características concretas do Programa.

-Facilitar soportes de difusión do programa nos que, se o Servizo Galego de Saúde a través da (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) o estima oportuno,

figure o seu nome e o seu logo como apoio ó programa.

Terceira.- Compromisos do Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras)

-Coordinar, xunto coa Deputación de Ourense, as actividades de formación e/ou difusión do programa dirixidas ó colectivo ó que representan e/ ou público ó que se dirixen (profesionais sanitarios e pacientes ou usuarios finais).

-A incluír, se así o considera, o programa naquelas xornadas divulgativas/ cursos de formación que se refiran ó termalismo e a balneoterapia e que sexan organizados polo Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras).

-Difundir, a través de dípticos, trípticos ou material análogo que lle serán facilitados pola Deputación de Ourense, a existencia do Programa entre os seus profesionais, sempre que, baixo criterio dos asinantes, resulte positivo realizalo.

-Colaborar coa Deputación de Ourense, na procura doutras fórmulas de colaboración para a difusión das propiedades terapéuticas das augas mineiro-medicinais da provincia de Ourense.

Cuarta. Vixencia do Convenio .

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte ó da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante, as partes de mutuo acordo, poderán acordar a prórroga por unha anualidade, mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Podendo resolverse tamén por algunha das seguintes causas:

-Acordo de calquera das partes, manifestado por escrito e cunha antelación de 15 días antes da data de finalización da vixencia do convenio.

-Mutuo acordo entre as parte, manifestado por escrito.

-Incumprimento grave de calquera das partes sobre os termos do convenio.

Con carácter xeral, en base as causas de resolución recollidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Quinta. Financiamento

O presente convenio non xera obrigacións económicas para ningunha das partes asinantes do mesmo polo que non supón compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde, e por isto, non se precisa consignación orzamentaria.

Sexta. Comisión de Seguimento.

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha Comisión de seguimento do presente convenio, formada por dous representantes de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- 1 Impulsar e avaliar o cumprimento do Convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- 2 Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- 3 Propoñer ás partes, a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas, para o cumprimento do presente convenio. O incumprimento por calquera das partes, das cláusulas do presente convenio, poderá dar lugar á denuncia deste.

Sétima. Cuestións litixiosas

O convenio terá natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas, sendo de aplicación subsidiaria os principios contidos no Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro que aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público e demais disposicións vixentes en materia de convenios e contratos, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu cumprimento e execución.

A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento serán resoltos pola Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

Oitava. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por cuadruplicado e a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

O Presidente do Servizo Galego
de Saúde
(P.D. Acordo 08.01.2018)

O Presidente da Deputación Provincial de Ourense

Dionisio López Bellido

José Manuel Baltar Blanco

ANEXO